

LITERATURA DRAMÁTICA

PAU 2025 ADAPTACIÓNS INICIAIS AO DECRETO

Estimadas e estimados colegas:

Como sabedes, o pasado día 11 de xuño aprobouse o decreto 534/2024, que regula a nova Proba de Acceso á Universidade (PAU), que vai supoñer unha serie de cambios con respecto á ABAU. Sen entrar agora en máis detalles, os cambios principais que afectan ao deseño da proba son dous:

1. Haberá un só modelo de exame (non volveremos, polo tanto, ao modelo pre-covid), no que se minimizará a optatividade.
2. Os exercicios terán un deseño competencial.

Para achegármonos de maneira gradual ao novo modelo, as instrucións que temos para a PAU 2025, emanadas dun acordo entre diferentes distritos universitarios, son as seguintes:

- a) Respecto ao punto 1, haberá un só modelo de exame no que polo menos un 25 % das preguntas será obrigatorio e non terá optatividade.
- b) Respecto ao punto 2, polo menos ese 25 % de preguntas obrigatorias terá un deseño competencial.

No que respecta á nosa materia, entendemos que as adaptacións que temos que facer son mínimas e afectan case exclusivamente á estrutura do exame, xa que, en xeral, os tipos de preguntas de exame que utilizamos este curso xa están enfocados a que o alumnado “faga”, mostre o que sabe facer, e non a que diga como se fai ou a que desenvolva temas preparados previamente.

O exame, como se pode ver no modelo, terá a seguinte estrutura:

- Pregunta 1, creación de textos (sen optatividade interna) (2,5 puntos)
- Pregunta 2, saberes básicos (2,5 puntos)
 - Dous apartados, para escoller un
- Pregunta 3, expresión do criterio persoal (2,5 puntos)
 - Dous apartados, para escoller un
- Pregunta 4, interpretación de obras teatrais (2,5 puntos)
 - Dous apartados, para escoller un

Os tipos de preguntas son exactamente os mesmos que se utilizaron este curso, de modo que o único que varía é a distribución. No novo modelo, o alumnado terá que contestar catro preguntas en vez de dúas.

Non haberá este curso cambios referentes aos contidos, pero, a diferenza do curso pasado e tras as consultas feitas ao profesorado da materia, propoñemos un breve listado de obras nas que basearemos as preguntas.

O modelo de exame que propoñemos está baseado no que saíu na ABAU de xuño deste ano 2024. Podedes comprobar que os cambios son, sobre todo, estruturais; nos vindeiros cursos iremos incorporando máis cambios no camiño do deseño competencial que o decreto esixe.

OBRAS DE LECTURA OBRIGATORIA E CONTIDOS

As obras que serán empregadas para realizar a pregunta 4 son 4 a elixir 1 de cada un dos bloques cronolóxicos:

	A	B
--	---	---

Da Antigüidade á Idade Media	Sófocles, <i>Edipo Rey / Edipo Rei</i>	Aristófones, <i>Lisístrata</i>
Renacemento e Clasicismo	W. Shakespeare, <i>Otelo</i>	Molière, <i>Tartufo</i>
A segunda metade do século XIX	H. Ibsen, <i>Casa de muñecas / Casa de bonecas</i>	A. Chéjov, <i>El jardín de los cerezos/O xardín do cerdeiral</i>
Os enfoques no século XX e as transformación dos xéneros literarios	G. Gambaro, <i>Decir sí/Dicir si</i>	L. Pirandello, <i>Seis personaxes en busca de autor/Seis personaxes á procura de autor</i>

A lista de conceptos para traballar en clase será a seguinte:

ACOUTACIÓN

ACTO

ANTAGONISTA

APARTE

ARCO OU XIRO DA PERSONAXE

ATTREZZO

BAMBOLINA

CATARSE

CLÍMAX

COMEDIA

CONFIDENTE

CONFLITO

CORO

CUADRO

CUARTA PAREDE

DIÁLOGO

DIDASCALIA

DRAMATIS PERSONAE

DRAMATURXIA

DRAMATURGO

ESCENA

ESPAZO DRAMÁTICO

ESPAZO ESCÉNICO

EXTRAESCENA

FÁBULA

FARSA

IDEOLECTO

INTRAESCENA
MONÓLOGO
OBRA NUN ACTO
PARALENGUAXE
PARATEXTO
PARLAMENTO
PROTAGONISTA
SAINETE
SOLILOQUIO
SUBTEXTO
TEATRO BURGUÉS
TEATRO DO ABSURDO
TEATRO DRAMÁTICO
TEATRO ÉPICO
TEATRO POSTDRAMÁTICO
TEMPO DE FICCIÓN OU REFERENCIAL
TEMPO DRAMÁTICO O ESCÉNICO
TRAXEDIA
TRAXICOMEDIA
TRAMA
TREMOIA
TRES UNIDADES, REGLA DAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Canto aos criterios de avaliación, serán semellantes aos empregados nesta última ABAU:

PREGUNTA 1. CREACIÓN DE TEXTOS (2,5 puntos). Creación dun texto dramático orixinal a partir dunhas premisas dadas ou invención creativa complementaria partindo dun fragmento dramático dado.

- 1.1. A adaptación coherente da premisa e a demostración do coñecemento dos trazos formais dun texto dramático (0,50 punto).
- 1.2. A orixinalidade da formulación (0,25 puntos).
- 1.3. A adecuación da linguaxe dos personaxes ás súas características psicolóxicas e ao desenvolvemento do conflito (0,25 puntos).
- 1.4. O dominio da acción dramática (0,25 puntos).
- 1.5. Presenza de trazos de estilo e calidade literaria (0,25 puntos).

PREGUNTA 2. SABERES BÁSICOS (2,5 puntos). Pregunta de desenvolvemento teórico e conceptual dun aspecto básico da literatura dramática tendo en conta o listado de conceptos propostos:

- 2.1. Precisión na definición (1 punto).
- 2.2. Valoración da súa funcionalidade na escritura dramática (1 punto).
- 2.3. Mención de exemplos (0,50 puntos).

PREGUNTA 3. EXPRESIÓN DO CRITERIO PERSONAL (2,5 puntos). O obxectivo da pregunta é que o alumnado desenvolva libremente un comentario crítico e razoado dun fragmento ensaístico proposto no que demostre os coñecementos teóricos adquiridos na aula.

3.1. Precisión dos conceptos empregados (1,25 puntos).

3.2. Argumentación crítica e valorativa (1,25 puntos).

PREGUNTA 4. INTERPRETACIÓN DE OBRAS TEATRAIS (2,50 puntos). Comentar e analizar un fragmento das obras propostas engadindo unha reflexión crítica persoal:

4.1. Determinar a obra e a autoría, xénero e subxénero do fragmento; comentar a localización do fragmento respecto á totalidade da obra, así como relacionar o fragmento co contexto histórico ao que pertence e sinalar no fragmento algunhas características xerais do movemento literario ao que pertence (0,25 puntos).

4.2. Análise do contido: capacidade de síntese ao efectuar o resumo da escena proposta; a descrición, xustificación e valoración do tema, subtema, motivos e tópicos presentes, xunto á determinación do conflito da escena co seu correspondente clímax, se houber e a descrición e xustificación da estrutura interna coa indicación dos apartados do texto (1 punto).

4.3. Análise da forma: descrición e xustificación da estrutura externa e interna coa indicación dos apartados do texto, valoración das características dos personaxes e a súa función desempeñada no fragmento, diálogo, anotacións, espazo e tempo e os aspectos textuais e recurso literarios (1 punto).

4.3. Valoración crítica persoal fundamentada, na que se terá en conta positivamente que o alumnado relacione o texto ou algún dos seus compoñentes con outras obras dramáticas ou outras linguaxes artísticas, como o cinema (0,25).

No novo decreto fálase de que, en toda pregunta que implique redacción, o valor mínimo da corrección formal e ortográfica do texto debe ser o 10 %. Dado que no noso exame todas as preguntas implican redacción, consideramos que o máis práctico será aplicar esta norma no conxunto do exame: unha vez aplicados os criterios de corrección e avaliado o exame completo, haberá que ter en conta a corrección formal e a destreza da alumna ou alumno no uso escrito da lingua. Descontarase da cualificación global obtida no exame ata un máximo de 1 punto por erros ortográficos e por erros no uso do léxico.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

1. Como en anos anteriores, é vontade do grupo de traballo a de mantermos en permanente contacto co profesorado da materia.

2. Non mantemos correspondencia coas alumnas ou alumnos. O alumnado debe dirixir as súas dúbidas ao profesorado dos centros nos que cursa 2º de bacharelato ou no que se matricula para as probas.

Vigo, 1 de outubro de 2024

Carmen Luna Sellés

Directora do Grupo de traballo de Literatura dramática.